

II XORNADA COPA DEPUTACIÓN DE LUGO

26 e 27 de XANEIRO de 2019

A Delegación da FGA en Lugo co patrocinio da Deputación de Lugo, organiza a 2ª XORNADA da COPA DEPUTACIÓN DE LUGO en pista cuberta, o **SÁBADO 26 de xaneiro de 2019, en xornada de mañá e tarde**, no Módulo cuberto do *Estadio Gregorio Pérez Rivera*.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2018/19) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezcan a clubes de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas de categoría **sub 10 ata máster**.
- O resto de atletas con ficha por outra Federación e noutros clubs non pertencentes a Federación Galega de Atletismo deberán aboar 10€ coa recollida do dorsal.
- Todos os atletas que se inscriban, non participen finalmente e non manden a súa renuncia ata 24h antes do comezo da 1ª proba do programa. Serán sancionados cunha multa de 5€ que deberá ser aboada para poder tomar parte en calqueira control ou proba oficial organizada nesta Delegación de Lugo. Tampouco poderán participar aqueles atletas que teñan alguna multa pendente da tempada pasada.

Art. 2. As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as **22:00 horas do mércores anterior** á celebración das probas.

Non se admitirán inscricións fora de prazo.

Art. 3. Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición **ata 60 minutos antes da saída de cada proba**. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art. 4. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art. 5. O acceso ao módulo será **restrinxido**. Os adestradores que queiran acceder, deberán enviar un email a delegacionfgalugo@gmail.com ata o martes 22 para solicitar a acreditación para o acceso as zonas habilitadas para eles. Será obrigatorio para todos os adestradores devolver a acreditación, no caso contrario deberán de satisfacer unha multa de 3€.

Art. 6. Nas probas de velocidade indícase a mellor marca. As series realizaránse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

Art. 7. FINALES 60 m.l. Clasificaránse para a final as 12 mellores marcas das series previas.

Art. 8. Táboas, Intentos e Cadencias:

- Táboa de lonxitude a 1m e táboas triple salto a 6 e 8m
- Nos concursos das categorías sub 10-12-14 todos os atletas disporán de 3 intentos se son máis de 15 participantes e 4 intentos se son menos.

Art. 9. A recepción de artefactos para a súa homologación na proba de lanzamento de xavalina será ata 75' antes da celebración da proba.

**Art. 10 HORARIO RECTIFICADO EN FUNCIÓN DOS INSCRITOS.
SÁBADO 26 XANEIRO DEFINITIVO**

| HOMES | HORA | MULLERES |
|---|-------|---|
| HORARIO MAÑANA | | |
| LANZAMENTO DE PESO 2kg - sub 12 | 10:00 | SALTO DE LONXITUDE - sub 10 |
| LANZAMENTO DE DISCO - sub 16-vet | | LANZAMENTO DE PESO A 2kg - sub 12 |
| SALTO DE LONXITUDE - sub 10 | 10:45 | |
| 500 ml - sub 12 | 11:20 | |
| | 11:30 | LANZAMENTO DE PESO B 2kg - sub 12 |
| 500 ml - sub 14 | 11:40 | 500 ml - sub 12 |
| | 11:50 | TRIPLE SALTO - sub 14 |
| 500 ml - sub 10 | 12:00 | 500 ml - sub 14 |
| | 12:10 | 500 ml - sub 10 |
| | 12:20 | 300 ml - sub 16 |
| 300 ml - sub 16 | 12:30 | LANZAMENTO DE DISCO - sub 16-vet |
| TRIPLE SALTO - sub 14 | 12:40 | |
| 1000 ml - sub 16 | 12:50 | 1000 ml - sub 16 |
| | 13:00 | 800 ml - sub 18-vet |
| 800 ml - sub 18-vet | 13:05 | |
| | 13:20 | 200 ml - sub 18-vet |
| 200 ml - sub 18-vet | 13:35 | |
| HORARIO TARDE | | |
| | 16:20 | 60 mv (0.76) - sub 16- sub 18 |
| | 16:30 | 60 mv (0.84) |
| 60 mv (0.91) - sub 16 | 16:40 | |
| 60 mv (0.91) - sub 18 | 16:45 | |
| 60 mv (0.99) - (1.06) | 16:50 | |
| | 17:20 | 60 ml - sub 16-vet |
| 60 ml - sub 16-vet | 17:45 | |
| | 19:15 | 60 ml - FINAL A-B |
| 60 ml - FINAL A-B | 19:25 | |

DOMINGO 27 DE XANEIRO

| HOMES | HORA | MULLERES |
|----------------------------------|-------|----------------------------------|
| LANZAMENTO XAVALINA - sub 16-vet | 11:15 | |
| | 12:40 | LANZAMENTO XAVALINA - sub 16-vet |

ANULASE A PROBA DE LANZAMENTO DE DISCO. ESPERAMOS PODER LEVALA A CABO NA VINDEIRA DATA PROGRAMADA.

Art. 11. Na proba de lanzamento de xavalina os participantes terán 4 intentos + 2 de mellora para os 6 mellores independentemente da categoría. Cun límite de 15 atletas participantes.

Art. 12. Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F

En Lugo, a 23 de xaneiro de 2019


 Asdo. José Manuel Peña
 Delegado Lugo FGA



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



PATROCINA:



ORGANIZA:



COLABORA:

